



CONCELLO DE TOURO

ROTEIRO TEMÁTICO RÍO ULLA

O Ulla é un dos ríos más importantes de Galicia

O río Ulla cos seus 132 km de lonxitude drena unha cuenca de 2.803,6 km², o que o converte na segunda más importante de Galicia tras a do Miño.

É, despois do río Miño, o río máis longo e máis caudaloso de Galicia.

Nace no Cal da Mourelle en Taboada, na provincia de Lugo, a 648 m de altitude e xa pronto baña a comarca da Ulloa, á que lle da nome. Pasenriamente descende regando as fértils terras das provincias da Coruña e de Pontevedra ata que desemboca na Ría de Arousa, entre a Punta Palleiro e Grandorio.

É tributario de numerosos afluentes e son o Deza e o Arneiro os más importantes que desaúgan no seu leito.


Unha parte importante das súas ribeiras e dos seus afluentes principais forman parte da **Zona Especial de Conservación ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza**, un dos espazos naturais protexidos pola **Rede Natura 2000** en Galicia.

A lo largo do seu leito hai distintas infraestruturas para o seu desfrute pero destaca especialmente as rutas sinalizadas que discorren polas súas riveiras e que nos permiten gozar das súas paisaxes e da súa natureza dun xeito respectuoso e responsable coa súa conservación.

Cunca do río Ulla



Roteiro temático Río Ulla





CONCELLO DE TOURO

ROTEIRO TEMÁTICO RÍO ULLA

O Ulla é un dos ríos más importantes de Galicia

O río Ulla cos seus 132 km de lonxitude drena unha cuña de 2.803,6 km², o que o converte na segunda máis importante de Galicia tras a do Miño.

É, despois do río Miño, o río máis longo e máis caudaloso de Galicia.

Nace no Cal da Mourelle en Taboada, na provincia de Lugo, a 648 m de altitude e xa pronto baña a comarca da Ulloa, á que lle da nome. Pasenriñamente descende regando as fértils terras das provincias da Coruña e de Pontevedra ata que desemboca na Ría de Arousa, entre a Punta Palleiro e Grandorio.

É tributario de numerosos afluentes e son o Deza e o Armeo os máis importantes que desaugan no seu leito.


Unha parte importante das súas ribeiras e dos seus afluentes principais forman parte da **Zona Especial de Conservación ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza**, un dos espazos naturais protexidos pola **Rede Natura 2000** en Galicia.

A lo largo do seu leito hai distintas infraestruturas para o seu desfrute pero destacan especialmente as rutas sinalizadas que discorren polas súas ribeiras e que nos permiten gozar das súas paisaxes e da súa natureza dun xeito respectuoso e responsable coa súa conservación.

Cunca do río Ulla



Roteiro temático Río Ulla





ROTEIRO TEMÁTICO RÍO ULLA

O bosque de ribeira axuda a conservar os ríos e a súa biodiversidade

Paralelo ao río esténdese o bosque de ribeira que está formado por unha estreita ringleira de ábores que afunden as súas raíces no leito que ten un papel fundamental no mantemento e conservación do río, asegurando a calidade das súas augas e axudando a manter a súa biodiversidade, xa que serven de refuxio e despensa de alimentos para unha gran diversidade de animais e actúan como corredores de vida ao facilitaren a dispersión das especies e comunicaren os distintos lugares do territorio, diversificando a paisaxe.

Ameneiro (*Alnus glutinosa*):
O seu nome en latín *Alnus* significa «planta que vive cerca dos ríos», por iso é habitual atopalo en lugares húmedos. Vive praticamente somerxido, porque necesita que as súas raíces estean encharcadas.



Freixo (*Fraxinus excelsior*): Adoita aparecer preto do bordo dos ríos porque necesita solos profundos e húmedos.

Salgueiro (*Salix atrocinerea*): vive a carón dos ríos onde os solos son pouco profundos. As súas longas e flexibles pías serviron para fazer cestos tradicionais.



Bidueiro (*Betula pubescens*): é unha árbore que nas zonas baixas de Galicia vive no bosque de ribeira grazas ao ambiente húmedo e sombrío da beira dos ríos. Coa súa madeira facianse as zocas.



Abeleira (*Corylus avellana*): nalgúns lugares pode formar verdadellos corredores á beira do río. Os seus froitos, as abelás, teñen moita importancia para os seres vivos da ribeira e do bosque.



Mais na ribeira non todo son ábores e baixo a súa cuberta numerosas plantas tinguen de cor o bosque como a menta de auga (*Mentha aquatica*), o poexo, os martelíños, as espadanas ou os lirios amarelos.

Lírio amarelo Espadana


Tras o bosque de ribeira encóntranse as fragas que son os bosques autóctonos galegos por excelencia, onde domina o carballo xunto con outras ábores caducifoliadas (castiñeiro, bidueiro...), unhas poucas de folla perenne (aciivo, loureiro...), e variados arbustos, brións e pequenas plantas no seu sotobosque como estripeiros, sanguíños, xilbarbeiras e xestas. A forte influencia do mundo mediterráneo nas ribeiras do Ulla permite que a sobreira tamén ocupe este bosque acompañando aos cerquiños.
Non obstante, actualmente se encontran ameazados polas agresivas talas que sofren para seren substituídos por plantacións forestais con especies de crecemento rápido.



Carballo (*Quercus robur*): é a árbore máis emblemática das nosas fragas e arredor dela sobreviven unha gran diversidade de seres vivos.



Loureiro (*Laurus nobilis*): árbore que se ten empregado para a creación das sebes que separaban as leiras onde cumplía un importante papel ecoloxico.



Sobreira (*Quercus suber*): árbore que tivo unha grande importancia, grazas ao aproveitamento da súa cortiza, entre outras cousas, para a fabricación das rollas para as botellas e tamén para a construcción das antigas colmeas.

Evitar a eliminación e a fragmentación dos nosos bosques promove a conservación da biodiversidade do noso país.






ROTEIRO TEMÁTICO RÍO ULLA

Ao amparo da auga e da frondosidade o río agocha moita fauna

O río Ulla acolle unha fauna vertebrada moi variada e diversa. Das súas augas abrolla vitalidade que mantén esperta a peixes, mamíferos, aves, anfibios, réptiles que se interrelacionan e viven ao amparo da auga e da frondosidade do bosque.

En Galicia, definido por Álvaro Cunqueiro como o país dos 10.000 ríos, estes hábitats acollen un número importante de vertebrados. Estes animais comprenden unha función importante xa que son parte das relacións alimentarias e axudan a establecer o equilibrio no ecosistema. Moitos deles contribúen á expansión de sementes e por tanto á rexeneración dos bosques como por exemplo as aves, controlan as pragas de insectos como os anfibios e réptiles... e son bioindicadores da boa saúde do río.

Troita (*Salmo trutta fario*): no río Ulla viven varios peixes, como a troita común que se alimenta de insectos acuáticos. Tamén acolle outros como o reo, as angúlias ou a prezada lamprea que ten características de peixe moi primitivo que se alimenta succionando sangue doutros peixes.



Ra verde (*Pelophylax perezi*): de hábitos moi acuáticos que prefire as augas de corrente lenta, é abondosa nas beiras dos nosos ríos. Os machos cantan mentres nadan na auga. No verán constitúen o son do río e a alegria para moitos animais que as comen, por iso teñen que poñer tantos ovos... miles.

Lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*): non ten medo á auga na que nada e mergulla se está acosado. O macho ten un fermo colorido verdoso-amarollento e coa cabeza de cor azul, que loce durante a tempada de celo. Pode chegar a medir ata 40 cm coa súa longa cola.




Tritón común (*Lissotriton boscai*): ten outros nomes populares, pintafontes ou limpafontes, que fan referencia á súa querenza polas fontes e plás de augas limpas. Vive só no noroeste da península Ibérica.



Lavandeira real (*Motacilla cinerea*): viven cerca dos cursos de auga, tendo unha querenza especial polas fervenzas, baixo as que adota facer o seu niño. Camíña abaneando o longo rabo continuamente mentres se alimenta de pequenos insectos.

Merlo rieiro (*Cinclus cinclus*): este paxaro mergullase e caminha polo fondo do leito do río, en busca dos invertebrados (larvas de efémeras, moscas de auga ou tricópteros...) que constitúen o seu alimento. Son uns excelentes indicadores da boa saúde dos ríos, xa que as súas presas viven so en augas puras.

Picapeixe (*Alcedo atthis*): é inconfundible polas súas cores características, ainda que difícil de observar. Aliméntase de pequenos peixes e invertebrados acuáticos.



Cobra de auga (*Natrix maura*): a pesar do ancestral medo e odio que se lle ten á cobras, a maior parte das presentes en Galicia, como neste caso, non son venenosas. Ainda que esta se disfraze de vibora, ao fin é totalmente inofensiva.



Lontra (*Lutra lutra*): está perfectamente adaptada á vida acuática, co seu corpo en forma de fuso, patas traseras palmeadas, cola aplanaada, podendo nadar a unha velocidade de 11 Km/h. Dedica unha parte considerable da súa vida ao xogo, gustándolle molto os tobogáns.

Eses descoñecidos
invertebrados
de auga doce
son imprescindibles



O leito e a ribeira acollen numerosos invertebrados, moitos deles moi pequenos, que pasan inadvertidos. Insectos, vermes, crustáceos, moluscos... todos eles tecen unha importante e delicada rede e comparten un medio acuático ao que se adaptan de distintas e curiosas formas. Ademais son uns excelentes bioindicadores da calidade das augas.






ROTEIRO TEMÁTICO RÍO ULLA

Os aproveitamentos tradicionais do río eran compatibles coa súa conservación

Arredor do río Ulla e tras milleiros de anos de historia desenvolvéronse unha gran variedade de valores culturais e etnográficos ligados aos diversos usos e aproveitamentos que os seres humanos facían do río. Algunos deles perduraron no tempo, outros foron desaparecendo a medida que a nosa sociedade foi evolucionando e outros novos usos xurdiron no lugar destes.

Pesqueiras no Ulla

Unha das estruturas más características para a pesca tradicional no río Ulla foron as pesqueiras. Trátase de grandes muros de pedra que dirixen a corrente de auga cara ao medio do río. Entre os muros armábase o voitirón, nasa onde entraban as lampreas e as angulas cando remontaban o Ulla.



Pesqueira de Herbón no río Ulla

Muiños

No Ulla, áinda se encuentran varios muiños, como testemuña muda dun rico patrimonio que hoxe se está perdendo.

Pezas de pedra, ferro e madeira encaixábanse con precisión no muiño, para moer os cereais (trigo, centeo ou millo) que se transformaban en farfía, coa que logo se amasaba o pan, base fundamental da alimentación.



Moliño da Carballeira en Touro

Pontes

As ribeiras do Ulla son un territorio moi humanizado e desde sempre precisou comunicar as dúas beiras do río.

As pontes son as construcións más comúns para pasar os ríos, pero tamén existían os pasais ou poldros e en moitos puntos funcinaban as barchas para pasar dunha ribeira a outra, das que hoxe só se conservan os topónimos que deixaron, como Souto do Barco, tamén coñecido como Souto da Barca.



Ponte de Remesquide por onde discorre a ruta

Ouriceiras

As ouriceiras eran pequenas construcións que tiñan nos soutos de castiñeiro para axudar a secar as castañas. Dentro delas depositábanse os ourizos das castañas que logo se tapaban con toxos e fletos para evitar que fosen comedidas polos animais, nomeadamente o xabaril, ao tempo que podrencia o ourizo e se separaba da castaña, sendo así máis fácil de apañar.



Ouriceira nun souto de castiñeiro de Touro

Hórreos

Os hórreos son unha construcción tradicional típica do noroeste da península Ibérica que se dedicaba ao almacenaxe e secado do millo e outros produtos agrícolas, manténdoo a salvo de seren comedidos polos animais, nomeadamente os ratos. Para iso estas construcións se mantinían sobrelevadas do chan e protexidas polos torrarratos.



Hórreo de Outeiro no concello de Touro





CONCELLO DE
TOURO


ROTEIRO TEMÁTICO RÍO ULLA

O Ulla é un gran río, arredor do cal se estableceron os se

Desa íntima relación entre o ser humano e a súa contorna durante milleiros de anos, xurdíu nos arredores de Ulla un rico folclor e unha importante cultura tradicional e etnográfica que se mantivo ao longo de veras.

Hoxe en día, moitas das manifestacións da nosa cultura popular están declaradas como festas de interese turístico.

A map of the Yucatán Peninsula showing the state of Quintana Roo. A red asterisk marks the location of Toda de Cuchí, which is also labeled with a callout box.



Entre as diversas personaxes que
importantes son os Xenerais e os

Importantes son os xenerais e os condes engalardados, que van percorrendo a cabalo, durante os días de entroido, as parroquias dando vivas a veciños e visitantes, acompañados

O percorrido remata escenificando un atranque (ou alto), que consiste nun confronto dialéctico entre dous xenerais que se aproveita para facer burlia e crítica mordaz de asuntos locais, de política ou do corazón, acontecidos durante o an-

Este entroido presenta pequeñas diferencias dunha parroquia outra mantendo así os trazos definitorios de cada unha nos confrontamentos armados que se sucederon na comarca no

unha importante armada que se sucederán na Europa no século xix: a loita contra a invasión francesa, a revolución de 1846, que rematou na batalla de Cacheiras coas tropas dos dous bandos competidores en lucha polo trono de Galicia.

dous bandos percorrendo os lugares onde hoxe se celebra o entroido. As diferentes guerras carlistas de España nese século crearon tal abraio colectivo que acabou desembocando na s

crean un efecto colectivo que acaba desembocando en la ridiculización no entroido.

Photo by Michael J. Lanza



[View all reviews](#) | [Write a review](#)



galicia



XUNTA
DE GALICIA



CONCELLO DE TOURO

ROTEIRO TEMÁTICO RÍO ULLA

A farmacia do Ulla: algunas plantas con usos medicinais da nosa contorna

Gran parte da vida dos seres humanos, tal e como hoxe a coñecemos, non sería posible sen as plantas, non xa só polo oxíxeno que nos proporcionan, senón tamén pola importancia na nosa alimentación diaria e na gran cantidade de produtos que empregamos que delas proveñen directa ou indirectamente. Algunhas plantas tiveron carácter máxico, simbólico ou relixioso, como o **bieteiro** para espantar as melgas, o **loureiro** para anunciar o viño novo, e as **herbas de San Xoán** coa que nos lavamos a cara trala noite más curta do ano.

E moitas foron moi importantes para a saúde antes de que a medicina moderna se estendese pero, áinda así, más da metade dos medicamentos do mundo teñen como base as plantas. En Galicia hai máis de 400 plantas con aproveitamento medicinal e arredor do Ulla enconántanse moitas delas, algunas das cales áinda teñen uso.



Bieteiro ou sabugueiro (*Sambucus nigra*)



Salgueiro (*Salix atrocinerea*): a cortiza recollida despois da caída da folla empregouse en forma de po, de cocción para baixar a febre e como analxésico e antirreumático. A codia contén salicina precursora do ácido acetil-salicílico, compoñente da famosa aspirina.




Bilitroques (*Digitalis purpurea*): a pesar da súa toxicidade figura en numerosas farmacopeas debido ás súas interesantes propiedades cardiotónicas. Segundo o Padre Sarmiento os vapores desta planta eran utilizados para curar as almorras.



Herba das verrugas (*Chelidonium majus*):

o seu látex alaranxado úsase en medicina popular contra as verrugas, callos e durezas. Débense frotar co látex fresco con precaución, pois é moi cáustico.

Couselo (*Umbilicus rupestris*): as súas follas téñense utilizado en uso tópico para curar as feridas e picaduras de insectos.



Estruga (*Urtica dioica*): foi empregada nos mosteiros para aliviar a dor dos reumáticos e baixar a febre dos enfermos. Popularmente forma parte de moitos remedios: tensión, reuma, varices, frieras... Tamén se emprega en cocaña, e as súas croquetas non están nada mal.



Mentas (*Mentha pulegium* e *Mentha aquatica*): en Galicia atopámonos distintas mentas emparentadas que teñen propiedades medicinais comúns, como a menta poeiro e a menta de auga que se empregan en infusión como carminativa e antidiarreica.



Mexacán (*Taraxacum officinale*): ten propiedades diuréticas e en uso externo empregábase para a cura de furúnculos. As raíces torrefactas empregábanse, igual que a chicoria, como substituto do café e as súas follas consómense en ensalada.

Sanguiño (*Frangula alnus*): a súa codia desecada ten propiedades laxantes. Hoxe comercialízase en farmacias en forma de cápsulas. En moitas aldeas galegas a súa recolección para a venda aos boticarios era un complemento na economía rural.

Lembra que, hoxe en día, o emprego de plantas para uso medicinal sen prescripción médica non é recomendable, xa que pode ser prexudicial para a túa saúde. Ademais, podes poñer en perigo especies que se encontran ameazadas.





CONCELLO DE TOURO

ROTEIRO TEMÁTICO RÍO ULLA

O Ulla lúdico e económico

Os usos e aproveitamentos tradicionais das terras das riberas do Ulla foron mudando co tempo e os tradicionais sectores primarios (agricultura e gandaría) con moitos oficios asociados (muíñeiro, cesteiro, carpinteiro...) que eran dominantes ata non hai moitos anos, son hoxe en dia menos representativos e algúns corren o risco de desaparecer.

Mais tamén xorden novos nichos económicos asociados aos novos usos sociais e de tempo libre, como as actividades de achegamento e contacto coa natureza...



Unha aposta polo sendeirismo no Concello de Touro

As rutas de sendeirismo atraen cada vez a máis turistas e visitantes que venen buscar unha xornada de descanso e destrute en pleno contacto coa natureza.

O noso concello conta con tres rutas homologadas pola Federación Galega de Montañismo que discorren a carón do río Ulla. Son a PR-G 93 Ruta da ribeira do Ulla, a PR-G-121 Ruta dos tres ríos e a PR-G 233 Ruta da fervenza das Hortas ao río Lañas. Ademais, incorpórase á oferta de rutas este [Roteiro temático do Ulla](#).

Por último, e grazas ao Proxecto Goza do Ulla, preténdese unir todo o río, desde o seu nacemento ata a desembocadura, a través de sendeiros que permitan descubrir a súa riqueza ambiental e patrimonial.



Camiño do holandés e Eurovelo-3

A peregrinaxe en bicicleta a Santiago de Compostela polo **Camiño Francés** ofrece a posibilidade, unha vez chegados ao termo de Arzúa, de coler unha variante polo concello de Touro, coñecida como **Camiño do Holandés**, para continuar por Boqueixón cara a Santiago. Esta opción é a elixida por moitos dos cicloturistas holandeses (de aí o nome), alemanes, austriacos e orixinarios dos países nórdicos en xeral, pois hai moitas referencias a esta ruta nas súas guías.

O **Camiño do Holandés** está incluída en **Eurovelo**, unha rede de rutas ciclistas de longa distancia que conectan e unen todo o continente europeo. Concretamente, está dentro da **Eurovelo-3** coñecida como **Ruta dos Peregrinos**, que discorre por varias rutas de peregrinación europeas.



Ricos e saborosos produtos da terra

As terras agrícolas das riberas do Ulla fornécennos de ricos e saborosos produtos dunha elevada calidade gastronómica. Destacan os cultivos das súas hortas distribuídas en feiras e mercados, como tomates, cebolas, repolos, leitugas..., ou os prezados pementos de Padrón que nacen na ribeira do Ulla.

Son tamén importantes o cultivo da vide, coa que se producen viños e augardentes quealgúns dos concellos da bacia do Ulla están incluídos na denominación de orixe **Viños da Terra Barbanza e Iria**.

Otro dos produtos estrela elaborado nestas terras con cariño e anos de tradición son os queixos da **Denominación de Orixe Protexida Arzúa - Ulla**, que se elaboran con leite enteiro de vaca procedente das razas rubia galega, frisoa, pardo-alpina e dos seus cruzamentos.





ROTEIRO TEMÁTICO RÍO ULLA

As especies exóticas invasoras causan graves prexuízos no medio ambiente ameazando os nosos ecosistemas

O problema ambiental derivado da introducción de animais ou vexetais exóticas con comportamento invasor, está adquirindo nos últimos anos moita importancia. Na actualidade está considerada como a segunda causa de extinción de especies autóctonas, ameazando gravemente a nosa diversidade biolóxica.

Os ríos, como no caso do Ulla, son moi susceptibles de ser invadidos por especies exóticas, grazas ao movemento de sedimentos que axudan á súa propagación e colonización. Ademais moitas especies os empregan para a súa expansión a outros lugares.

O ser humano é o responsable de transportar voluntariamente ou de forma accidental animais e plantas foráneas, fóra da súa área de distribución natural. As súas consecuencias ambientais son moi prejudiciais para as especies nativas, podendo provocar a súa extinción e poñen en risco ecosistemas enteros. Tamén afectan á agricultura ou á saúde humana e consecuentemente á economía, xa que obrigan a investir moitos recursos para erradicá-las.



Herba da Pampa: Orixinaria de América do Sur, foi introducida como ornamental para os xardíns e ten un gran poder de expansión. A lotta contra os plumachos é cousa de todos: as administracións nos terreos públicos e os particulares nas nosas fincas debemos eliminarlos.

Sapoconcho de Florida: Mascota habitual que foi introducida no medio natural por abandono irresponsable, cando se fai grande de máis ou os seus donos se aburren de coírala.



Herba da fortuna (*Tradescantia*): Orixinaria de América do Sur, foi introducida para xardinaria. Os seus talos enraizantes, en lugares umbríos e cálidos, forman densos tapices que asfixian ás plantas nativas. Fentos e ameneiros son as súas vítimas preferidas. Calquera fragmento da planta pode arraigar con éxito.

Falsa acacia: unha das árbores invasoras con máis presenza na contorna e que afecta negativamente ás árbores de ribeira. Chegou a Galicia cando o ferrocarril, pois as súas fortes raíces axudaban a fixar os aterraplenados.



Avespa asiática: Introducida de forma accidental en materiais de xardinería importados en Francia estendeuse por todo o Norte Iberico e está a producir graves danos económicos directos no sector apícola xa que depreda sobre as nosas abellas.



E ti que podes facer para minorar este problema?

Para evitar os problemas que xeran, o mellor método é a prevención polo que non debes abandonar as túas mascotas no medio natural, nin debes tirar plantas ornamentais polo desague nin na natureza.

Non fomentes a compra de especies exóticas e planta especies autóctonas: cultiva no teu xardín plantas autóctonas en lugar de especies ornamentais invasoras.

Lembra que está prohibida a posesión, transporte, tráfico e comercio de exemplares vivos ou mortos daquelas especies incluídas no Catálogo español de especies exóticas invasoras así como os seus restos ou propágulos.





CONCELLO DE TOURO

ROTEIRO TEMÁTICO RÍO ULLA

Mapa de recursos do Concello de **Touro**



- Avenida
- Estrada Estatal
- Estrada Secundária
- Limite Municipal
- Limite Provincial
- Ruta de Hórreos
- Rio


- Turismo Rural
- Oficinas de Información
- Hotel
- Pousada
- Área de autocaravanas

- Igrejas, Capelas
- Cruceros
- Áreas Recreativas e Praias Fluviais
- Areas Naturais
- Ferreiros

- Monumentos Préhistóricos
- Arquitectura Civil Contemporânea Etnográfica
- Museos
- Miradores
- Rutas de Senderismo
- Rotas Temáticas Río Ulla
- Pousas, Fazendas, Albergues

Auga, pedra, sol e vento,
aqui a ledicia é tanta
que todo rebula e canta
e o Ulla vase contento.
Xosé Neira Vilas

Roteiro temático Río Ulla



Distância: 5,78 km

Dificuldade: baixa

Duración: 2 h.00

Ascenso acumulado: 10 m

Descenso acumulado: 23 m

Altitude máxima: 100 m

Altitude mínima: 79 m

Punto de inicio: Pozo do Pego

Punto final: Área recreativa Souto do Barco



galicia



XUNTA
DE GALICIA